

RELIGIÓN CATÓLICA

SEMANA DEL 14- 17 DE ABRIL 2020




HOLA, HOLA, HOLA NIÑOS Y NIÑAS:


Estoy segura que al igual que yo estáis todos deseando volver al cole. Mientras haremos unas pequeñas actividades para estar entretenido


PRIMARIA 3º :COLOREAR


LA CREACION DE DIOS

1º Día
DIA NOCHE
Dios creó la noche y el día

2º Día

Dios creó el cielo y el mar


3º Día

Dios creó a las plantas

4º Día

Dios creó la luna, el sol y las estrellas

5º Día

Dios creó a las aves en el cielo y a los peces en el océano

6º Día

Dios creó a los animales y al hombre

7º Día Z Z Z

Dios descansa

PARA 3º: LEER Y HACER LAS ACTIVIDADES

A Biblia é a Palavra de Deus

A **Biblia** é o libro sagrado dos cristiáns porque contén a **Palabra de Deus**. Na Biblia, Deus revela o seu grande amor polas persoas e o camiño para encontrar a felicidade e a salvación.

Os libros da Biblia

A Biblia está formada por 73 libros relixiosos. Estes libros foron escritos por distintas persoas coa inspiración de Deus.

Os libros da Biblia divídense en dúas partes: **Antigo Testamento** e **Novo Testamento**.

O Antigo Testamento

A primeira parte da Biblia é o **Antigo Testamento**. Está formado por 46 libros, que narran a historia do pobo de Israel.

Ensina como Deus ama e salva as persoas a través dos feitos e dos personaxes do pobo de Israel (Noé, Abraham, Moisés, David).

Descubro palabras:

Revelar é ensinar.

A **salvación** é vivir en completa felicidade con Deus para sempre.

A **inspiración** é a sabedoría con que Deus axudou os escritores da Biblia.

Instituír é fundar.



O Antigo Testamento comeza co relato da Creación, e o Novo Testamento, co nacemento de Xesús.

O Novo Testamento

A segunda parte da Biblia é o **Novo Testamento**. Está formado por 27 libros, escritos despois de resucitar Xesús.

Narra a vida e a mensaxe de Xesús. Tamén conta como a Igrexa foi **instituída** por Xesús e santificada polo Espírito Santo, e como vivían os primeiros cristiáns (a Virxe María, os doce apóstolos, San Paulo...).

O Novo Testamento ensina a mensaxe de salvación completa que Deus lles ofrece ás persoas por medio do seu Fillo Xesús.

Actividades

Expreso o que sei

1 Completa e escribe no teu caderno as letras e as respostas:

- A Biblia contén a... E as súas partes son... .
- O Antigo Testamento ensina como... .
- O Novo Testamento ensina o... .

Observo e organizo a información

2 Escribe no teu caderno o nome de cada personaxe e AT se é do Antigo Testamento, ou NT se é do Novo Testamento.

